

05Calidade e novas tecnoloxías

Para consolidar a política de calidade, posta en marcha de forma xeral na UDC, resulta imprescindible dispoñer dunha rede de axentes implicados (PDI, PAS e estudantes), no desempeño das funcións de seguemento e mellora. Nesta liña, creouse a figura do responsable de calidade, como membro dos equipos de goberno dos centros, ao tempo que se reforzaron as funcións e o persoal das unidades administrativas e se integrou a xestión dos mestrados nas administracións dos centros. A implicación do profesorado reflíctese no importante incremento da participación nas actividades de formación e innovación docentes, na utilización das ferramentas de apoio a docencias ou no número de guías docentes elaboradas na plataforma GADU.

Todos os centros dispoñen desde este ano dun sistema de garantía interna de calidade (SGIC) certificado e implantado. Somos unha das universidades españolas con máis certificacións. Por medio destes SGIC, en 2012 todos os títulos de grao e mestrado elaboraron o informe anual de seguimento, correspondente ao curso académico 2011/2012.

Así mesmo, púxose en marcha a terceira convocatoria do programa Docentia para avaliar e garantir a calidade da docencia. Nesta ocasión, e de xeito experimental, incorporáronse estudantes aos comités de avaliación e membros dos órganos de representación do PDI na comisión interna do programa.

Canto ás actividades do Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa, cómpre salientar a ampla participación nos obradoiros Campus Virtual Moodle e a realización, en colaboración coa Vicerreitoría de Relacións Internacionais e Cooperación, de cursos para proporcionar ferramentas lingüísticas e

técnicas docentes para impartir contidos curriculares en inglés.

Polo que respecta ás novas tecnoloxías, o Servizo de Informática e Comunicións (SIC) consolidou a posta en marcha do xestor de identidade corporativa, que simplifica o acceso e autenticación do persoal. Tamén implantou o portal económico –que permite seguir, en tempo real e en liña, a execución económica dos proxectos e partidas de investigación da UDC– e a xestión informática do Rexistro Xeral e os Rexistros de centros e departamentos. Outras actuacións importantes foron o cambio da imaxe e organización da web corporativa, desenvolvida coa plataforma de software libre OpenCms, e a incorporación dun novo módulo de xestión do doutoramento adaptado á nova organización destes estudos.

Neste apartado cómpre subliñar o impulso que durante o ano se lle deu á implantación da administración electrónica na UDC, para o que se puxeron as bases normativas, recursos e formación precisas para o seu futuro desenvolvemento. A través da Secretaría Xeral e do Rexistro Xeral, impulsouse o Regulamento da sede electrónica e de rexistro electrónico da UDC. Asinouse un convenio coa CRUE e coa FNMT que lle permite á Universidade converterse en oficina emisora de certificados de Administración pública e persoais. Tamén se desenvolveu a plataforma de sinaturas de actas académicas cun programa piloto, que permitiu que o 20% das actas foran asinadas dixitalmente.

Por último, cómpre salientar a continuidade do proxecto da Oficina de Software Libre da UDC a través de Consorcio Interuniversitario de Xestión Universitaria de Galicia (CIXUG).


Soporte á docencia

Títulos	Cursos		
	2010-2011	2011-2012	2012-2013
Grao	40	40	40
Mestrado	45	55	48

Cadro 58 Evolución da implantación de títulos

Cursos	Cursos			Materias de cursos			Guías de cursos		
	2010-2011	2011-2012	2012-2013	2010-2011	2011-2012	2012-2013	2010-2011	2011-2012	2012-2013
1.º	40	40	40	385	395	395	362	392	395
2.º	28	40	40	290	405	405	260	392	405
3.º	6	28	40	59	315	482	58	301	476
4.º	11	13	29	106	138	371	85	116	349
Total	85	121	149	840	1.253	1.653	765	1.201	1.625

Cadro 59 Evolución dos cursos, materias e guías implantados




Cadro 60 Evolución da porcentaxe de graos implantados por cursos

No ano académico 2011-2012 completárase o proceso de implantación de títulos de grao a nivel de segundo curso. No curso actual (2012-2013) estase a completar na súa totalidade a implantación de títulos de grao a nivel de terceiro curso.

En proporción a este avance no proceso de implantación de cursos observamos un incremento importante a nivel de cuarto curso, chegando a cubrir un 73% do

total do proceso de implantación, que se culminará no curso académico 2013-2014.

Atendendo aos datos referentes ao cómputo total, obsérvase que neste curso avanzouse dun 76% ao 93% no proceso de implantación. Isto supón que tan só resta por cubrir un 7% para completar o proceso de implantación dos títulos de grao que se puxeran en marcha nalgunha das tres primeiras fases.




Cadro 61 Evolución da porcentaxe de guías elaboradas por graos implantados

Atendendo ao estado actual de guías docentes elaboradas por cursos de grao implantados, deuse un incremento respecto do total chegando preto do

100%. Isto explícase debido a que na actualidade algúns graos teñen aínda pendente de implantar o cuarto curso.

Cursos	Cursos			Materias de cursos			Guías de cursos		
	2010-2011	2011-2012	2012-2013	2010-2011	2011-2012	2012-2013	2010-2011	2011-2012	2012-2013
1.º	45	55	48	1.113	1.442	1.040	619	988	812
2.º	7	6	5	206	93	24	65	74	20
Total	52	61	53	1.319	1.535	1.064	684	1.062	832

Cadro 62 Evolución dos cursos, materias e guías elaborados en mestrados



Cadro 63 Porcentaxe de guías elaboradas por cursos de mestrado implantados

Pasouse dun total do 69% de guías dos mestrados no curso 2011-2012 a un 78% no curso 2012-2013, o que supón un incremento do 9%, que se rexistra tanto en guías de primeiro como de segundo curso. Na lectura destes valores, pese a parecer baixa en relación cos datos sobre os graos, cómpre considerar unha ca-

racterística específica da situación de compartimento de parte destes mestrados con outras universidades. Así, o feito de que unha parte dos mestrados sexan compartidos con outras universidades fai que se utilicen diversos sistemas para a elaboración das guías docentes das materias destes títulos.

Formación e innovación educativa

O Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa (CUFIE), creado en 2004, é o servizo da Universidade da Coruña encargado de organizar actividades para asesorar e formar o profesorado dos distintos

niveis educativos e para facilitarlle ao alumnado técnicas de estudo. Desenvolve o seu labor a través de cinco programas.

Programa	Cursos	Horas	Prazas
Metodoloxía Didáctica	17	236	415
Tecnoloxía Educativa	8	108	160
Ensino Semipresencial	6	72	120
Saúde e Prevención de Riscos Laborais	4	48	100
Contexto Socioinstitucional e Traballo na UDC	6	62	160
Total	41	526	955

Cadro 64 Programas de apoio ao ensino no curso 2011-2012

Centro	%
ETS de Arquitectura	8.2
ETS de Enx. de Camiños	3.2
ETS de Náutica e Maquinas	4.4
EU de Arquitectura Técnica	3
EU de Deseño Industrial	0.6
EU de Enfermería (Ads.)	0.6
EU de Enfermería e Podoloxía	3
EU de Relacións Laborais (Ads.)	1.2
Fac. de CC do Traballo	0.2
EU Politécnica	4.8
Escola Politécnica Superior	5.4
Fac. de CC da Comunicación	0.8
EU de Turismo	0.2
Fac. de Ciencias da Educación	8
Fac. de CC da Saúde	3.8
Fac. de Fisioterapia	3
Fac. de Economía e Empresa	7.8
Fac. de Ciencias	13.6
Fac. de Dereito	4
Fac. de Filoloxía	4
Fac. de Humanidades	2.4
Fac. de Informática	11.2
Fac. de Socioloxía	3.2
Fac. de CC do Deporte e a Educación Física	3.4
Total	100

Cadro 65 Centro de procedencia dos participantes nos cursos de apoio ao ensino

Categoría	%
Asociado/a	8.4
Axudante doutor/a	2.6
Axudante	4
Catedrático/a de esc. universitaria	3.4
Catedrático/a de universidade	3.4
Colaborador/a	7.8
Contratado/a doutor/a	13.6
Contratado/a laboral interino/a	12
Contratado/a por obra e servizo	1.2
Isidro Parga Pondal	1
Juan de la Cierva	0.2
María Barbeito	2.4
FPU-FPI	3
Titular de escola universitaria	9.8
Titular de universidade	24.6
Lector/Visitante	0.4
Angeles Alvariño	0.4
Total	100

Cadro 66 Categoría profesional dos participantes nos cursos de apoio ao ensino

O Plan de formación inicial (PFI) é o programa orientado á formación docente do profesorado de recente in-

corporación aos claustros de profesores das respectivas escolas e facultades dos campus da Coruña e de Ferrol.

Programa	Cursos	Horas	Prazas
Metodoloxía Didáctica	17	236	90
Tecnoloxía Educativa	8	108	40
Ensino Semipresencial	6	72	30
Saúde e Prevención de Riscos Laborais	4	48	20
Contexto Socioinstitucional e Traballo na UDC	6	62	45
Total	41	526	225

Cadro 67 Plan de formación inicial no curso 2011-2012

Dentro do Plan de apoio á aprendizaxe (PAA) organizáronse 13 cursos de 10 horas de duración, que suman

un total de 130 horas de formación e 375 prazas. Un 64% dos participantes foron homes e un 36% mulleres.

Centro	N.º	%
ETS de Arquitectura	32	7,86
ETS de Enxeñeiros de Camiños	34	8,35
ETS de Náutica e Maquinas	13	3,19
EU de Arquitectura Técnica	5	1,23
EU de Relacións Laborais	5	1,23
EU de Enfermería e Podoloxía	5	1,23
Fac. de CC da Comunicación	3	0,74
Fac. de CC do Traballo	7	1,72
EU de Deseño Industrial	2	0,49
EU de Turismo	2	0,49
EU de Fisioterapia	4	0,98
EU Politécnica	10	2,46
Escola Politécnica Superior	1	0,25
Fac. de Ciencias da Educación	54	13,27
Fac. de CC da Saúde	6	1,47
Fac. de Economía e Empresa	74	18,18
Fac. de Ciencias	22	5,41
Fac. de Dereito	27	6,63
Fac. de Filoloxía	29	7,12
Fac. de Humanidades	3	0,74
Fac. de Informática	35	8,6
Fac. de Socioloxía	22	5,41
Fac. de CC do Deporte e a Educación Física	12	2,95
Total	407	100

Cadro 68 Participantes nos cursos de apoio á aprendizaxe por centros

Formación informática

Durante o período académico 2011-2012, 17 docentes impartieron 25 cursos diferentes (incluídos cinco de nova incorporación á oferta da AFI).

Ao longo dos últimos anos, a Aula de Formación Informática foi adaptando a súa oferta de cursos, tanto en

número como en variedade de prazas, para atender as novas circunstancias de demanda provocadas polos cambios nos plans de estudo e a nova conxuntura económico-social. Deste xeito puidose continuar cunha ampla oferta de calidade, avalada por un alto grao de satisfacción dos usuarios, sen incrementar os gastos.

	Cursos	Prazas ofertadas	Prazas ocupadas	% ocupación
2009-2010	42	820	673	82,07
2010-2011	25	480	463	96,46
2011-2012	25	480	387	80,63
2012-2013	18	360	294	81,67

Cadro 69 Evolución dos cursos e prazas para formación informática


Grupo	%
Alumnado de 1.º ciclo	49,20
Alumnado de 2.º ciclo	32,09
Alumnado 3.º ciclo	2,67
Mestrado	0,53
PDI	2,67
PAS	9,63
Outros	3,21

Cadro 70 Participación nos cursos de formación informática


Avaliación docente

	Participantes	Total poboación	%
Participación do profesorado	833	1.651	50,45%
Participación do alumnado	3.524	20.539	17,16%

Cadro 71 Participación na avaliación docente en 2011-2012



Cadro 72 Porcentaxe do profesorado participante na avaliación docente en 2011-2012 por departamento



Cadro 73 Porcentaxe do alumnado participante na avaliación docente en 2011-2012 por centro

Unidade Técnica de Calidade

Seguimento de títulos

Todos os títulos de grao e mestrado elaboraron o informe anual de seguimento, correspondente ao curso académico 2011-2012, e actualizaron a información pública máis relevante no apartado “*Seguimento*” da web da UDC. A UTC, despois de revisar os informes e a información pública de cada un dos títulos, remitiu-llos á ACSUG a finais do mes de novembro.

A elaboración do informe de anual de seguimento permítelles aos títulos coñecer as boas prácticas levadas a cabo, analizar as deficiencias e establecer as modificacións necesarias para o seu bo desenvolvemento, realizando o plan de melloras correspondente.

Entre os meses de xullo e novembro, 23 títulos de grao e 19 de mestrado oficial recibiron o informe final de seguimento da ACSUG correspondente o curso académico 2010-2011.

Programa Docentia

A Comisión Interna de Universidade (CIU) publicou en abril a III convocatoria para a avaliación da actividade docente do profesorado (Programa Docentia). Esta convocatoria abriuse a todo o profesorado da UDC e avaliouuse o quinquenio docente correspondente aos cursos académicos 2006-2007 ao 2010-2011.

	Total
Solicitudes	141
Admisións	126
Profesorado que rematou o proceso	110

Cadro 74 Participación do profesorado na III convocatoria do Programa Docentia



Centros	Desempeño excelente	Desempeño notable	Desempeño aceptable	Desempeño insuficiente
Facultade de Ciencias da Saúde	2			
Escola Politécnica Superior		4	1	
Escola Técnica Superior de Arquitectura	5	7		1
Escola Técnica Superior de Náutica e Máquinas	2	2		
Escola Universitaria de Arquitectura Técnica		2	2	
Escola Universitaria de Diseño Industrial	1	3	1	1
Facultade de Fisioterapia	2	2		
Escola Universitaria Politécnica	3	4	1	
Facultade de Ciencias	5	5	1	
Facultade de Ciencias da Comunicación		1		2
Facultade de Ciencias da Educación		5	1	1
Facultade de Ciencias do Deporte e a Actividade Física	2			
Facultade de Dereito	3	3		
Facultade de Economía e Empresa		4	4	
Facultade de Enfermaría e Podoloxía		1		
Facultade de Filoloxía	3	1		
Facultade de Humanidades e Documentación			2	
Facultade de Informática	5	14	1	
Total	33	58	14	5

Cadro 75 Resultados da avaliación da III convocatoria do Programa Docencia por centro

A CIU tamén fixo a II convocatoria para participar nos comités de avaliación docente do Programa Docencia co obxectivo de renovar o 50% dos seus membros, tal

como establece o Manual para a actividade docente do profesorado da UDC.

	Total
Enxeñaría e Arquitectura	5
Ciencias Sociais e Xurídicas	9
Ciencias da Saúde	4
Ciencias	6
Arte e Humanidades	3

Cadro 76 Profesorado participante na II convocatoria dos comités de avaliación do Programa Docencia por rama de coñecemento

No mes de xullo, a CIU publica a I convocatoria para seleccionar entre o estudiantado da UDC (representantes do alumnado no Claustro Universitario) os membros que formarán parte dos Comités de Avaliación Docente. Nesta convocatoria, ao tratarse dunha experiencia

piloto, os estudantes (5) só actuaron na reunión de consenso dos comités de avaliación, con voz pero sen voto. Por outra banda, ao longo do ano cinco servizos elaboraron a súa carta de servizos. Pola súa banda, a caixa de suxestión recibiu un total de 591 observacións.

	Total
Servizos que renovaron a súa certificación pola Norma UNE-EN-ISO 9001:2008	1
Servizos que realizaron a auditoría de seguimento da súa certificación pola Norma UNE-EN-ISO 9001:2008	3
Servizos que realizaron a auditoría de seguimento da súa certificación Norma UNE 166002:2006 /9001 (Sistemas de Gestión de I+D+i)	1
Laboratorios que realizaron a auditoría de seguimento da súa certificación pola Norma UNE-EN-ISO 9001:2008	4
Laboratorios que realizaron a auditoría de seguimento da súa acreditación pola Norma UNE-EN-ISO 17025:2005	2

Cadro 77 **Certificacións por normas ISO en 2012**

Informática e comunicacións

Xestión económica e administrativa

- Implantación do portal económico que lle permite ao persoal e ao alumnado consultar os seus datos económicos distintos aos da nómina, aos investigadores consultar o estado dos seus proxectos e aos equipos directivos consultar os seus centros de gasto e abre a vía para o acceso dos provedores ás consultas do estado das súas facturas.
- Implantación da nova aplicación de Rexistro de E/S tanto no Rexistro Xeral, como nos auxiliares e en centros e departamentos. Constitúe a porta de entrada á tramitación electrónica.
- Realízanse os cambios na parametrización da nómina para adaptala ao Real Decreto 20/2012.
- Implantación da nova versión de Flexia como ferramenta de tramitación electrónica, así como dos novos portais de solicitudes electrónicas xa en tecnoloxía web 100% HTML.

Servizos Internet e Intranet

- Posta en marcha dun sistema antispam baseado en software libre.

- Actualización á última versión do servizo de listas de distribución sobre a plataforma open-source Sympa e integración co CAS da Universidade.
- Melloras no sistema de copia-restaurant de contas de correo que permite unha maior e máis eficiente xestión tanto do proceso de salvagarda de datos como de restauracións baixo demanda.
- A estrutura corporativa de backup almacena semanalmente preto de 24 TB de datos procedentes de máis de 100 máquinas da infraestrutura da UDC. No sistema existen 2 robots de cintas magnéticas (LTO4 e LTO5) administrados desde o departamento de sistemas.
- Sistema Xestor de Base de Datos SQL Server: O sistema dá soporte a máis de 35 Bases de Datos manexando en torno a 1TB de información. Neste sistema atópanse algunhas das bases de datos máis importantes para o funcionamento da institución.
- Servidor FTP Corporativo: Deseñado inicialmente para os servizos de investigación, permite o intercambio seguro de arredor de 100 GB de importantes informacións científicas con diferentes empresas tecnolóxicas.
- Directorio Activo: No dominio existen uns 37.000 usuarios que poden *loguearse* en máis de 1.500 máquinas formando parte dalgún dos aproximadamente 500 grupos existentes. Estes usuarios acceden a máis de 300 recursos compartidos manexando preto de 3 TB de información.
- Actualización da plataforma de virtualización de servidores baseado en Vmware a versión Vmware Vsphere 5. Actualmente atópanse virtualizados o 80% dos servidores da UDC.
- Actualización da wiki corporativa (<https://wiki.udc.es>) que permite a colaboración entre diversos departamentos da UDC para facilitar información á comunidade universitaria.
- Implantación da nova infraestrutura master-slave de servidores de bases de datos MySQL server.
- Instalación dunha nova plataforma de bases de datos oracle da versión 11G para a migracións das aplicacións de persoal e Sorolla.

Rede e comunicacións

- Instalación e posta en marcha da infraestrutura de conexión á nova rede óptica de alta capacidade para a investigación RedIrisNova con ligazóns 10G.
- Posta en marcha do CPD de redundancia na Reitoría.
- Despregamento da infraestrutura física de conexión á rede de comunicacións dos novos edificios CITIC2, CICA e Área Científica.
- Implantación das oficinas para a emisión e xestión de certificados dixitais da FNMT das autoridades de certificación Clase 2 e Administración Pública.
- Proxecto piloto de gravación multimedia de clases para difusión na plataforma de televisión en Internet da UDC.
- Instalación do Centro de despregamento no CITIC.
- Instalación das redes de voz e datos na Universidade Senior e na Normal.
- Posta en marcha do servizo de VPN para alumnado da Facultade de Informática para a conexión remota segura aos servidores do Centro de Cálculo.

Innovación tecnolóxica

Déuselle soporte á versión 1.9 de Moodle, ao aplicativo de Avaliación Docente e a aquelas solicitudes de enquisas universitarias autenticadas.

Sentáronse as bases de varios proxectos novos que frutificarán ao longo de 2013.

Investigación e bibliotecas

- Implantación do novo módulo de xestión de identidade a través de SIR – Rediris para a aplicación de préstamo interbibliotecario SOD-GTBIB.

- Posta en marcha do proxecto de desenvolvemento da nova versión da aplicación de Xestión Curricular da Investigación (SUXI-XC 3.00) de maneira conxunta nas tres universidades galegas a través do CIXUG.

Información e estatística

- Novo deseño e estrutura da web corporativa: mellora o acceso á información a través dunha estrutura máis comprensible orientada a perfís.
- Novo aplicativo para a xestión de actividades deportivas e culturais con inscrición e pagamento a través de internet.



Indicador	2011	2012
Materias ofertadas no campus virtual	5.137	4.949*
PDI que utiliza o Campus Virtual	1.468	1.451
Estudiantes que utilizan o Campus Virtual	20.328	20.327
Tarxetas universitarias emitidas ou renovadas	6.657	7.338
Visitas á web institucional	5.643.565	4.869.338
Webs aloxadas no servidor corporativo	229	221
Departamentos con web aloxada	32	33
PAS e PDI que utilizan a Wiki corporativa	230	340
Áreas de negocio definidas no Dataware House corporativo	4	4
Extensións telefónicas fixas activas	3.465	3553
Solicitud de alta de toma de voz	125	88
Tomas de datos dispoñibles	23.944	24.532
Portos de rede dispoñibles	13.286	13.586
Portos de rede activos	10.893	11.025
Porcentaxe de despregamento da rede WIFI (%)	95	95
Usuarios habilitados na rede Wifi	32.088	36.613
Usuarios con actividade na rede Wifi	19.250	20.288
Actuacións especiais de rede: audioconferencia, videoconferencia	68	63
Servidores administrados polo SIC	262	318
Servidores SIC virtualizados	182	208
Servidores UDC externos ao SIC virtualizados	11	28
Espazo global de almacenamento dispoñible (Tb)	151	164
Capacidade do sistema de backup (Tb)	250	250
Renovación de equipos informático	150	124
Postos de traballo xestionados polo SIC	9.920	1.022
Postos de consulta bibliográfica	82	86
Postos dispoñibles en AulasNET	583	583
Postos dispoñibles en aulas de docencia	1.175	1.175
AulasNET xestionadas polo SIC	25	25
Aulas de docencia xestionadas polo SIC	29	29
Contas de correo electrónico PAS	1.457	1.499
Contas de correo electrónico PDI	3.899	4.122
Contas de email alumnos	88.240	91.720
Listas de distribución de correo	119	150
Contas no FTP corporativo		64

Cadro 78 Evolución da actividade do Servizo de Informática e Comunicacions (segue)

Indicador	2011	2012
Sistema Xestor Corporativo de Base de Datos SQL Server		40
Sistema Xestor Corporativo de Base de Datos Oracle		15
Sistema Xestor Corporativo de Base de Datos MySQL		35
Envío de SMS para notificación de notas	45.612	57.364
Envío de SMS para resolución de bolsas	2.321	0
Envío de SMS para notificación a colectivos	6.155	174
Contas no dominio udc.pri	37.000	40.000
Equipos no dominio udc.pri	1.500	1.600
Usuarios que utilizan o dominio udc.pri	17.000	20.000
Equipos monitorizados polo SIC	118	130
Usuarios/as con acceso ao portal do persoal	2.680	2806
Conexións ao portal do persoal		47.630
Usuarios con acceso ao portal económico		24.390
Usuarios con acceso ao portal de solicitudes electrónicas		2.806
Eleccións a órganos colexiados xestionadas informaticamente		321
Usuarios que contactaron co CAU a través do correo electrónico		1.203
Chamadas recibidas de usuarios que contactaron co CAU a través do teléfono		12.532

* As materias diminúen porque se procedeu a agrupar as que se imparten en varias titulacións nun só curso.

Cadro 78 (continuación) **Evolución da actividade do Servizo de Informática e Comunicaciós**

